

MOCIÓN SOBRE PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR, PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os grupos municipais de someten á consideración do Pleno a seguinte Moción sobre APOIO Á **PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR, PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.**

Exposición de motivos

A pesar da importancia da superficie de monte en Galiza, por volta dos 2/3 do total do territorio, as políticas aplicadas desde a entrada en vigor do Plano Forestal (1992) non conseguiron compatibilizar os aspectos produtivos do monte coa conservación dos hábitats naturais, particularmente dos bosques autóctonos, historicamente degradados e cada día máis diminuídos en relación coas plantacións de árbores de crecemento rápido.

O devandito Plano Forestal cun horizonte de aplicación de 40 anos (2032) visaba unha extensión máxima do eucalipto dunhas 245.000 hectáreas. No primeiro Inventario Forestal Nacional (IFN I) de 1972/73, o eucalipto estaba presente nun total de 131.181 hectáreas. Para o máis recente (IFN IV), realizado en Galiza no ano 2009, o eucalipto estendérase xa por 433.915 hectáreas entre masas puras e mixtas. A finais de 2016 a superficie de eucaliptais en Galiza podería superar xa as 500.000 hectáreas, duplicando a falta de 13 anos as previsións máximas do Plano Forestal de 1992. En proporción ao total do territorio, a especie cobre xa case o 17% de Galiza, mentres que en Portugal non chega ao 9%. A intensidade de ocupación da nosa terra é por tanto o dobre que no país veciño. Este dato chama a atención non só pola importante superficie que representa, senón tamén porque de todos os estados europeos, só España e Portugal permiten o monocultivo desta árbore.

Nos últimos tempos unha nova especie de eucalipto, o *Eucalyptus nitens*, engadiuse aos plantíos, ocupando a espazos antes vetados para o *E. globulus*, dada a súa maior resistencia ao frío. Este forte aumento do eucalipto vese favorecido por

un modelo de explotación do monte intensamente forestalista, que aposta pola produción de madeira con pouco valor engadido. Tamén ten a ver co abandono agrario, o despoboamento e o declive do medio rural galego, caldo de cultivo para os lumes forestais, favorecidos pola mudanza climática e o carácter pirófilo das especies forestais empregadas.

Constatamos tamén a escasa superficie ocupada polos montes de xestión pública. A vocación primeira destes espazos debería ser a conservación dos valiosos hábitats naturais, chave para ao amortecemento dos efectos do cambio climático, a conservación da biodiversidade e a redución do impacto dos lumes forestais. Malia ao aprobado no Plano Forestal de 1992, 25 anos despois seguimos sen contar cun inventario de masas de frondosas autóctonas, ferramenta fundamental para poder planificar non só medidas de conservación, senón tamén para deseñar estratexias de xestión que maximicen os beneficios do bosque autóctono.

Os modelos de aproveitamento do monte que apostan pola multifuncionalidade de usos, pola utilización das especies autóctonas, e polo mantemento dos servizos ecosistémicos que estas prestan á sociedade, deberían estar primados con incentivos directos e indirectos –exencións–, mesmo sen ter unha fin produtiva. Os nosos bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, polo que semella lóxico que esta repercuta parte dos beneficios a aquelas comunidades e propietarios/as que apostan pola súa conservación e aproveitamento sustentábel.

Tendo en conta estas consideracións e dado o peso territorial do monte galego, faise urxente adoptar as seguintes medidas para garantir a súa xestión sustentábel e a adaptación aos retos do cambio climático.

Por todos estes motivos, sométese a votación a seguinte MOCIÓN para a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais, que se está a impulsar polas entidades e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

Carballo, 20 de marzo de 2018